



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

## BORRADOR ACTA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL

### - CASA CONSISTORIAL, XOVES 28 DE DECEMBRO DE 2017 -

No día de hoxe, ás 13:30 horas, baixo a presidencia da alcaldesa, reúnen-se os concelleiros e concelleiras que se indican co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

#### **PRESIDE:**

MARIA JESUS NOVO GOMEZ

#### **ASISTEN:**

PP

LUIS RICO VERA

ELISARDO MONTERO CASTRO

Non Adscrito

JOSE BALADO CASAL

#### **AUSENCIAS:**

#### **SECRETARIA / INTERVENTORA:**

REBECA VAZQUEZ VAZQUEZ

Constátase a presenza de membros deste órgano en quórum suficiente, polo que a alcaldesa, como Presidenta, declara aberta a sesión. Procédese a tratar os asuntos incluídos na

### **ORDE DO DÍA**

#### **1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA.**

De conformidade co preceptuado no artigo 91 do R.O.F., a Presidencia pregunta se existe algunha obxección á acta da sesión realizada en data 26/10/2017. A secretaria sinala que hai que rectificar o acordo adoptado no punto 1 que consta que foi aprobada a acta da sesión de 26/07/2017 cando nesta sesión ordinaria, ao non haber asuntos que tratar non se aprobou ningunha acta. Os Sres./Sras. Concelleiros/as acordan aprobar por unanimidade a acta coa rectificación sinalada.

#### **2.- ESCRITOS CHEGADOS AO CONCELLO**

##### **2.1.- NOTIFICACIÓN RESOLUCIÓN DA CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPREGO E INDUSTRIA CONCESIÓN DE SUBVENCIÓN PARA FINANCIAMENTO DOS CUSTOS LABORAIS DA PRÓRROGA DA CONTRATACIÓN DE UN AXENTE DE EMPREGO E DESENVOLVEMENTO LOCAL**

Pola secretaria dáse conta da resolución remitida telemáticamente da Consellería de Economía, Emprego e Industria, con rexistro de entrada no concello co número 2953 en data 14/12/2017, na que se resolve conceder ao concello de Boimorto unha subvención por importe de 6.911,00 €uros destinada ao financiamento dos custos laborais, incluída a cotización empresarial á Seguridade Social, derivados da prórroga da contratación de 1 axente de emprego e desenvolvemento local, por un período de un ano.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

##### **2.2.- RESOLUCIÓN DA DIRECCIÓN XERAL DE MAIORES E PERSOAS CON DISCAPACIDADE DA CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL SOBRE REGULARIZACIÓN POSITIVA DE INCIDENCIAS NAS HORAS DO SERVIZO DE AXUDA NO FOGAR DERIVADAS DO EXERCICIO ANTERIOR.**



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Pola secretaria dáse conta da notificación de resolución da dirección xeral de Maiores e Persoas con Discapacidade, con rexistro de entrada no concello co número 2996 en data 20/12/2017, na que se notifica a resolución de reintegro da xustificación e avaliación do proxecto anual de servizos sociais en relación ao servizo de axuda no fogar para persoas en situación de dependencia e regularización de incidencias nas horas do servizo no fogar derivadas do exercicio anterior por importe de -361,32 €uros. O desconto será aplicado na liquidación do cuarto trimestre do 2017.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.3.- ESCRITO DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DE SANIDADE INFORMANDO SOBRE A SECA NOS ABASTECIMENTOS DE AUGA DE CONSUMO AUGA**

Pola secretaria dáse conta do escrito da xefa territorial de Sanidade, con rexistro de entrada no concello co número 3011 en data 21/12/2017, no que se informa das medidas a realizar nos abastecementos de auga de consumo humano debido a situación extraordinaria de seca que está acontecer en Galicia. Informa a alcaldesa que pideu análise de turbidez e a potabilidade da auga. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.4.- NOTIFICACION RESOLUCIÓN DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL POLA QUE SE APROBA O PAGO DO 100% DO CONVENIO DE COLABORACIÓN PARA A FINANCIACIÓN DA OBRA RECUPERACIÓN DE ESPACIO PÚBLICO EN SANTARANDEL. PARROQUIA DE ARCEO.**

Pola secretaria dáse conta da resolución telemática enviada polo Presidente da Deputación Provincial da Coruña, con rexistro de entrada no concello co número 2967 en data 18/12/2017 pola que se aproba o pago do 100% do importe da achega provincial do convenio 12/2015 da obra Recuperación de espazo público en Santarandel. Parroquia de Arceo, calculada sobre o orzamento de adxudicación e sobre o importe xustificado. Importe do pago: 9.912,89 €uros.

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.5.- CIRCULAR DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA SOBRE APROBACIÓN DA 1ª FASE DO POS+ ADICIONAL 1/2017 POR MAIOR ACHEGA PROVINCIAL**

Pola secretaria dáse conta da circular da Deputación Provincial enviada telemáticamente a través da plataforma SUBTEL, con rexistro de entrada no concello co número 3008 en data 20/12/2017, sobre a aprobación da 1ª fase do plan provincial de cooperación ás obras e servizos de competencia municipal (plan único de concellos) adicional 1/2017 por maior achega provincial. Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### **2.6.- ESCRITO DA DEPUTACIÓN DA CORUÑA APROBACIÓN MODIFICACIÓN DAS BASES REGULADORAS DO PLAN PROVINCIAL DE MEDIO AMBIENTE (PMA) 2016**

Pola secretaria dáse conta do escrito do presidente da Deputación da Coruña enviada telemáticamente a través da plataforma SUBTEL, con rexistro de entrada no concello co número 3009 en data 20/12/2017, no que comunica a aprobación dunha modificación das bases reguladoras do Plan Provincial de Medio Ambiente (PMA) 2016, para ampliar o prazo de xustificación dos investimentos incluídos no plan ate ás 14:00 horas do vindeiro 31.03.2018. Asemade, a addenda introducida nas bases do plan permitiralles aos concellos a utilización das economías derivadas das baixas de licitación dos investimentos.

Os proxectos a incluír neste plan complementario teñen que acadar un mínimo de 5.000 € e o concello promotor terá que asumir o financiamento da diferenza entre o custe total do proxecto e a achega provincial derivada da economía acadada.

O prazo de contratación, execución e xustificación dos proxectos que se inclúan no plan adicional rematará ás 14:00 horas do 31.10.2018



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Os membros da Xunta de Goberno Local danse por informados/as.

### 3.- SOLICITUDES SERVIZO DE FISIOTERAPIA

Visto o informe de servizos sociais que se transcribe literalmente:

#### <<INFORME SOCIAL

**INSTITUCIÓN:** Concello de Boimorto. Servizos Sociais

**INFORME EMITIDO POR:** María Esther Vidal Pandelo

**DATA DO INFORME:** 27/12/2017

**DIRIXIDO A:** XUNTA DE GOBERNO LOCAL

Visto o acordo municipal nº 15 art. 5 de prezo público por servizo de fisioterapia e podoloxía e vistas as solicitudes presentadas en tempo e forma, propónse á Xunta de Goberno Local que sexan beneficiarios do servizo de fisioterapia as seguintes persoas segundo a valoración técnica que se sinala:

#### 1.- ANTONIO QUINTELA OTERO (R.E. 2965 data 18/12/2017) - **FISIOTERAPIA**

##### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

#### 2.- DOLORES MARÍA VÁZQUEZ TABOADA (R.E. 2966 data 18/12/2017) - **FISIOTERAPIA**

##### VALORACIÓN TÉCNICA

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

#### 3.- CARMEN FERNÁNDEZ SOUTO (R.e. 3038 data 27/12/2017) - **FISIOTERAPIA**

- a) Consta informe médico que acredita necesidade.
- b) Non consta minusvalía nin resolución de dependencia
- c) Concurren os requisitos do apartado 3 do art. 7

Esta é a proposta que salvo erro ou omisión involuntaria elevo como traballadora social do concello para que a Xunta de Goberno Local resolva o que estime oportuno>>

En aplicación dos artigos 5 e 6 do acordo municipal regulador do funcionamento e prezos públicos polos servizos de fisioterapia e podoloxía no centro de maiores a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Aprobar e incluír na lista de admitidos para ser usuario do servizo de fisioterapia a Antonio Quintela Otero, Dolores María Vázquez Taboada e Carmen Fernández Souto



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Notificar os/ás beneficiaros/as deste servizo que ten a súa disposición nas oficinas municipais os tickets que deberá adquirir e presentar ante a persoa que presta o servizo e terán unha validez para o mes de xaneiro, febreiro e marzo 2018. Sen a presentación de dito ticket acreditativo do pago do servizo público non será atendido polo servizo de fisioterapia.

#### **4.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA DA VIVENDA SITA EN VILAR (ANDABAO)**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada neste concello número 2348 con data 13/10/2017, presentada por Dna. Asunción Barcelona Jimenez, DNI núm. 01118920Q con domicilio a efectos de notificacións en rúa Vereas de Móstoles 28, Brunete, Madrid, na que solicita a conexión á rede de abastecemento de auga da vivenda sita no lugar de Vilar, da parroquia de Andabao, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 05/12/2017

Advirte a secretaria que segundo a Lei 8/2012, do 29 de xuño, de vivenda de Galicia segundo o artigo 42 debería presentarse xunto coa solicitude de conexión a licenza de primeira ocupación e segundo o apartado 1 do artigo 43 a licenza de primeira ocupación é o único documento que permite a conexión de abastecemento de auga potable, electricidade, telecomunicacións e/ou outros servizos comunitarios. E no seu apartado 2 sinala que a Administración Municipal, previa audiencia concedida ao promotor do edificio ou vivenda, poderá ordenar o corte do subministro contratado sen a existencia de previa licenza de primeira ocupación.

No artigo 105 da mesma lei na letra k) di que é infracción grave das normas de edificación o subministro por parte das compañías de auga, gas, electricidade, telecomunicacións e outros servizos comunitarios sen a existencia de licenza de primeira ocupación.

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a Dna. Asunción Barcelona Jimenez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga para a vivenda sita no lugar de Vilar da parroquia de Andabao, deste termo municipal.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Notifíquese o presente acordo á interesada xunto con réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

#### **5.- SOLICITUDE AUTORIZACIÓN CONEXIÓN REDE DE SUBMINISTRO DE AUGA E DE SUMIDOIROS PARA INICIO DAS OBRAS DE CONSTRUCCIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR EN TRAVESÍA CASAL DE MUNÍN NÚM. 4 DO NÚCLEO URBANO DE BOIMORTO**

Pola secretaria dáse lectura á solicitude con número de rexistro de entrada 2461, con data 30/10/2017, presentada por D. Manuel Vázquez Vázquez, con domicilio a efectos de notificacións en rúa Ruiseñor, 3 2º A, 36205 Vigo (Pontevedra), na que solicita autorización para realizar a conexión á rede de abastecemento de auga e de sumidoiros para o inicio das obras de construción de vivenda unifamiliar na Travesía Casal de Munín número 4 do núcleo urbano de Boimorto, deste termo municipal.

Visto o informe do técnico municipal de data 05/12/2017



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Vista a ordenanza fiscal nº 8 reguladora pola taxa de subministro de auga artigo nº 5

Vista a ordenanza fiscal nº 7 reguladora pola taxa da rede de sumidoiros artigo nº 5

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Outorgar a D. Manuel Vázquez Vázquez, autorización para conexión á rede de abastecemento de auga e de sumidoiros para o **inicio das obras** de construción de vivenda unifamiliar na Travesía Casal de Munín número 4 do núcleo urbano de Boimorto.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de abastecemento de auga na contía de = 50 €

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación da taxa por conexión á rede municipal de sumidoiros na contía de = 50 €

**CUARTO.-** Rematadas as obras deberá solicitar a licenza de primeira ocupación para poder continuar dado de alta no padrón fiscal de augas e sumidoiros.

**QUINTO.-** Notifíquese o presente acordo ao interesado xunto co réxime de recursos e aos servizos municipais para os efectos oportunos.

### **6.- RECTIFICACIÓN ERRO ACORDO CAMBIO DE TITULARIDADE EN LICENZA DE ACTIVIDADE. SOLICITANTE: JOSÉ LUÍS MAQUES GARCÍA. ESTABLECEMENTO: PANADERÍA VEIGA EN RÚA PAZO Nº 9 - BOIMORTO**

Pola secretaria dáse conta que no acordo adoptado pola Xunta de Goberno Local en sesión celebrada en data 27 de xullo de 2017 no punto 7.- Cambio de titularidade en licenza de actividade existe un erro no segundo apelido do solicitante e no Documento Nacional de Identidade.

Tendo en conta o artigo 109 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas que establece no seu apartado "Las Administraciones Públicas podrán, asimismo, rectificar en cualquier momento, de oficio o a instancia de los interesados, los errores materiales, de hecho o aritméticos en sus actos"

En aplicación do artigo 109 da Lei 39/2015 a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Rectificar o acordo da Xunta de Goberno Local de data 27/07/2017 quedando como se transcribe a continuación:

### **<<7.- CAMBIO DE TITULARIDADE EN LICENZA DE ACTIVIDADE. SOLICITANTE: JOSÉ LUIS MAQUES GARCÍA. ESTABLECEMENTO: PANADERÍA VEIGA EN RÚA PAZO Nº 9 - BOIMORTO**

Visto o expediente incoado por D. José Luís Maques García, con DNI 32805437P actuando en representación da sociedade O Forno de Noa, S.L. CIF B70467121 de cambio de titularidade que figura a nome de D. Manuel Roberto Veiga Guerra, a licenza dunha industria de panadería, denominada "Panadería Veiga", sita na rúa Pazo nº 9 do núcleo urbano de Boimorto, así como a documentación aportada.

A Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón do cambio de titularidade da licenza de actividade de panadería denominada "Panadería Veiga", sito en rúa Pazo número 9 do núcleo urbano de Boimorto.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** En consecuencia, que conste a favor de O FORNO DE NOA, S.L. o cambio de titularidade da Licenza de actividade coas mesmas características que a licenza orixinaria; e sen prexuízo das restantes autorizacións que no seu caso lle corresponda outorgara outros organismos públicos. Do mesmo xeito, o cambio de titularidade outórgase deixando a salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

**TERCEIRO.-** Que polos servizos técnicos urbanísticos se realice visita de comprobación do cumprimento de medidas correctoras aplicables a dita actividade.

**CUARTO.-** Notificar tanto ao transmitente como ao adquirente o presente acordo.>>

**SEGUNDO.-** Notificar este acordo aos interesados no expediente de cambio de titularidade así como certificación desta rectificación sexa incorporada ao expediente.

### 7.- COMUNICACIÓN PREVIA CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E GALPÓNS ANEXOS SITA NO LUGAR DE IGLESIA (DORMEÁ)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 7 de xuño de 2017 (RE núm. 1328) coas seguintes características:

Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Teresa Garea Sánchez
DNI:	32827420A
Domicilio:	C/ Jarrones, n.º 3 – Lluçmajor – 07620 Balears

Datos da obra:

Obxecto:	Conservación dunha vivenda unifamiliar e dous galpóns anexos
Nome do técnico redactor do proxecto básico e execución e memoria anexa:	D. Manuel A. Echeverría Ulargui, arquitecto, Colexiado n.º 461
Situación:	Lg. Iglesia núm. 8 – Dormeá
Referencia catastral:	001503800NH76A0001ME
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario denso
Orzamento de execución:	18.390,00 €uros
Autorizacións sectoriais:	Resolución da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural de data 14/09/2017 autorizando as obras (expediente núm. 1467/17)
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de 4 de decembro de 2017)



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP n.º 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

Darase cumprimento á resolución do 14/09/2017 da Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio das obras dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 18.390,00 €uros

Liquidación 2%: **367,80 €uros.**

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María Teresa Garea Sánchez indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### 8.- COMUNICACIÓN PREVIA PARA AMPLIACIÓN DE POTENCIA DE CT 15AMI1 PONTE BOADO (ARCEO)

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 7 de novembro de 2017 (RE núm. 2553) coas seguintes características:

Solicitante:

Nome e apelidos:	D. José Antonio Fernández Amaro, en representación de Unión Fenosa Distribución, S.A.
DNI:	34946788P
Domicilio de notificación:	Avenida de Arteixo, 171 – 15007 A Coruña

Datos da obra:

Actuación solicitada:	As obras consisten na ampliación da potencia do CT 15AMI1 Ponte Boado (expediente 318/98) de 50 KVA a 100 KVA instalado sobre un apoio de formigón tipo HVH-13/1600
Nome do técnico redactor da separata do proxecto	D. Miguel Ángel Bernal López, enxeñeiro industrial, Colexiado nº 2901
Ubicación da obra:	Lg. Ponte Boado - Arceo
Orzamento de execución:	6.771,44 €uros



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Calificación Urbanística:	Solo rústico de protección agropecuaria.
Autorización sectorais:	Informe da Consellería do Medio Rural de data 10/11/2017 e Resolución do 5 de decembro de 2017 de autorización administrativa (expediente IN407A 2017/127-1) da Consellería de Economía, Emprego e Industria, rexistro de entrada no concello o día 21/12/2017 co número 3012.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López, de data 24 de novembro de 2017)

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobado en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 6.771,44 €uros

Liquidación 2%: 135,43 €uros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. José Antonio Fernández Amaro indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

## 9.- COMUNICACIÓN PREVIA ACONDICIONAMENTO DE LOCAL PARA PAPELERÍA EN RÚA GÁNDARA Nº 43 BAIXO DE BOIMORTO

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 8 de setembro de 2017 (RE núm. 2.073) coas seguintes características:

### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	María Pilar Sesto Rúa, en representación de Papeliños, S.C. CIF: J70532882
DNI:	78785954Y
Domicilio:	Lg. Visantóna s/n - 15809 Santiso

### Datos da obra:





## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

Obxecto:	Acondicionamento de local para pepelería
Nome do técnico director do proxecto	Dna. Fe García Liñeira, arquitecto técnico, colexiado nº 1.480
Situación:	Rúa Gándara núm. 43 Baixo, 15817 Boimorto
Referencia catastral:	0614704NH7601S0001EH
Orzamento de execución:	7.000,00 €uros
Calificación urbanística:	SOLO urbano coa ordenanza de edificación intensiva tradicional.
Autorización sectoriais:	Non se precisa.
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de data 6 de novembro de 2017) sinalando que a actividade non ten que someterse ao procedemento de avaliación de incidencia ambiental regulado na Lei 9/2013, do 19 de decembro, do emprendemento e da competitividade económica de Galicia, xa que non se atopa entre as recollidas no seu Anexo, tratándose ademais dunha actividade inocua.

Tamén consta no expediente certificación técnica de solidez e seguridade asinada polo arquitecto técnico Dna. María Fe García Liñeira.

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP nº 144 de 31/07/2014, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio das obras, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Informarlle á interesada que unha vez realizadas as obras para as que se lle concede licenza de obra e antes de posta en funcionamento da actividade, a mesma estaría sometida a comunicación previa, polo que deberá tramitala segundo o disposto no artigo 36 da Ordenanza reguladora das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa do Concello de Boimorto, publicada no BOP nº 144 de data 31 de xullo de 2014, utilizando o modelo CP-001

**CUARTO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 7.000,00 €uros

Liquidación 2%: 140,00 €uros



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**QUINTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María Pilar Sesto Rúa indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **10.- COMUNICACIÓN PREVIA CONSERVACIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E GALPÓNS ANEXOS SITA NO LUGAR DE IGLESIA (DORMEÁ)**

Este punto tratouse no punto 7.- por erro inclueuse na convocatoria da orde do día dúas veces.

### **11.- COMUNICACIÓN PREVIA DE OBRA A NOME DE EMILIO PITA ALONSO – CAIXEIRO ABANCA**

Consta nas depedencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 21 de novembro de 2017 (Rexistro telemático do concello co número 201799900000013) coas seguintes características:

#### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Rmilio Pita Alonso, en representación de Abanca Corporación Bancaria, S.A. CIF: a70302029
DNI:	32622745M
Domicilio:	Rúa dos Ferreiros, 143 – 15578 Narón (A Coruña)

#### Datos da obra:

Obxecto:	Substitución de caixeiro automático, para o cal é preciso a substitución da bancada para apoio do equipo, conexión á instalación existente de forza e datos, adecuación dos elementos de fábrica e/ou acristalamento, colocación de vinilos decorativos coa imaxe de marca. Dito caixeiro se atopa no interior da oficina bancaria.
Situación:	Rúa Gándara - Boimorto
Referencia catastral:	0614705NH7601S0001SH
Calificación urbanística:	Solo urbano coa ordenanza de edificación intensiva
Orzamento de execución:	1.650,00 €uros
Autorizacións sectoriais:	Non é preciso
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de 4 de decembro de 2017

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade ACORDA:

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014, publicada no BOP n.º 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio das obras dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 1.650,00 €uros

Liquidación 2%: 33,00 €uros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Emilio Pita Alonso indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **12.- COMUNICACIÓN PREVIA OBRAS MENORES BOTAR FORMIGÓN Á ENTRADA DA CASA, UNHA BEIRARRÚA DE PLAQUETA E COLOCAR CHAPAS URALITA VERMELLA SOBRE O ESTABLO**

Consta nas dependencias municipais comunicación previa de execución de obras, presentada en data 19 de outubro de 2017 (RE núm. 2381) coas seguintes características:

#### Datos do solicitante

Nome e apelidos:	Nieves Barreiro Furelos
DNI:	78793093S
Domicilio:	Lg. Vila núm. 5 – Mercurín – 15817 Boimorto

#### Datos da obra:

Obxecto:	Botar formigón á entrada da casa (pulido), 105 m <sup>2</sup> Beirarrúa de 1x8,50 m de plaqueta Colocar 20 chapas de 2,50 m de fibrocemento, 50 m <sup>2</sup> , sobre a corte.
Situación:	Lg. Vila núm. 5 – Mercurín
Referencia catastral:	15010A502003720001KL
Calificación urbanística:	Solo de núcleo rural coa ordenanza de orixinario disperso
Orzamento de execución:	2.900,00 €uros
Autorizacións sectoriais:	Non é preciso
Compatibilidade urbanística:	Sí (Informe do técnico municipal, D. Manuel Carro López de 18 de decembro de 2017

Debidamente informados de canto antecede e de conformidade co previsto na Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia (LSG), a Xunta de Goberno Local por unanimidade **ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Declarar completa a documentación presentada por medio de comunicación previa os datos anteriormente consignados, de conformidade co artigo 146.2 da LSG e ao establecido na Ordenanza municipal reguladora da tramitación das licenzas urbanísticas e outras formas de intervención administrativa, aprobada en sesión plenaria celebrada o 24 de abril de 2014,



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

publicada no BOP n.º 144 de 31/07/2017, co que pode realizar a obra, nos termos comunicados.

**SEGUNDO.-** Dita comunicación previa constitúe título habilitante para o inicio das obras dos actos de uso de solo suxeitos a ela, sen prexuízo das posteriores facultades de comprobación, control e inspección por parte do Concello.

**TERCEIRO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra, segundo informe técnico: 3.914,90 €uros

Liquidación 2%: 78,30 €uros.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a D. Nieves Barreiro Furelos indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### **13.- LICENZA DE DEMOLICIÓN SUXEITA AO PROCEDEMENTO SIMPLIFICADO PARA DEMOLICIÓN DE VIVENDA UNIFAMILIAR E ANEXOS NO LUGAR DE SANTARANDEL, PARROQUIA DE ARCEO, TRAMITADA A INSTANCIA DE DNA. MARÍA ESTHER BRAVO PAZ.**

Visto o expediente de solicitude de licenza de demolición (OB-009S), tramitado a instancia de Dna. María Esther Bravo Paz, con DNI núm. 76510247B, e con domicilio a efectos de notificacións en Praza Agra Mar nº 3 3º B, Perillo, 15172 Oleiros, para o "proxecto de demolición de vivenda unifamiliar e anexos" redactado polo arquitecto D. Emilio Cortés Varela, colexiado nº 780, e visado dixitalmente polo Colexio Oficial de Arquitectos de Galicia en data 30/11/2017, constando nomeamento de dirección de obra.

Visto o informe emitido polos servizos técnicos municipais asinado por D. Manuel Carro López, arquitecto, en data 18/12/2017 e que se transcribe literalmente a continuación:

<<Manuel Carro López, arquitecto, colexiado nº 2.974, integrante do equipo técnico da UTE "Urban-Acerarq Boimorto", con CIF U-70527866, adxudataria do servizo de asistencia técnica urbanística ao concello de Boimorto, emite o seguinte

INFORME:

Con data 4 de decembro de 2.017, número de rexistro 2.847, Dna María Esther Bravo Paz, presentou ante o Concello de Boimorto &#8220;Proxecto de demolición de vivenda unifamiliar e anexos&#8221;, redactado polo arquitecto D. Emilio Cortés Varela, colexiado nº 780, visado polo colexio oficial de arquitectos de Galicia o 30/11/2017, achegando impreso OB-009S, DNI, e oficio de dirección de obra.

Boimorto conta cun plan xeral de ordenación municipal aprobado definitivamente mediante Orden da Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Transportes de 6 de febreiro de 2.007, publicada no Diario Oficial de Galicia nº 42 de 28 de febreiro de 2.007.

A parcela está clasificada polo PXOM como solo rústico de protección forestal.

As obras que preténdense realizar consisten na demolición dunha vivenda unifamiliar e dous anexos (alpendre e caixa camiión), en virtude dunha Orde de demolición da Axencia de Protección da Legalidade Urbanística do 15/09/2017 (expediente COR/158/2016-RP1), por non axustarse á normativa urbanística aplicable.



## CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

A vivenda, cunha superficie de 85,64 m2, consta dunha planta, cunha altura de 2,5 m desde a cota da soleira, con cuberta inclinada a unha auga á que se accede mediante un soportal. No interior dispón de salón-cociña, un dormitorio e un aseo. Integrado na construción e con acceso exterior existe unha caseta metálica de obra destinada a uso de almacén, de 5,0 m2. Os anexos están separados da vivenda. A caixa do camiión só require o seu traslado.

Segundo o establecido no artigo 142.2.c) da lei 2/2016, do Solo de Galicia, relativo ás licenzas urbanísticas e comunicacións previas, estarán suxeitas a licenza municipal as demolicións, agás as derivadas de resolucións de expedientes de restauración da legalidade urbanística.

Polo exposto, e tendo en conta que a demolición é consecuencia dunha Orde ditada pola Axencia de Protección da Legalidade Urbanística, e conforme ao establecido na LSG non precisa da correspondente licenza municipal, o afectado deberá poñer en coñecemento da APLU ditas obras aos efectos que proceda.

O presuposto de execución material presentado ascende a un total de 2.051,31 euros, axustándose ao establecido no Anexo I da Ordenanza Fiscal nº 3 reguladora do Imposto Sobre Construcións, Instalacións e Obras

O que poño en coñecemento da Corporación, que cos informes a que houbera lugar e superior criterio, decidirá.

En Boimorto, a 13 de decembro de 2.017.

Manuel Carro López

Arquitecto, colexiado nº 2.974>>

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade e con fundamento no informe do servizo técnico,  
**ACORDA:**

**PRIMEIRO.-** Tomar razón da tramitación do expediente de demolición a instancia de Dna. María Esther Bravo Paz, que non precisa licenza municipal conforme ao establecido no artigo 142.2.c) da Lei 2/2016, do Solo de Galicia, polo que se declara innecesariedade da licenza.

**SEGUNDO.-** Aprobar a liquidación de ICIO nos seguintes termos:

1º.-

Presuposto de execución material da obra: 2.051,31 €uros.

Liquidación: 41,03 €uros.

**TERCEIRO.-** Trasladar á Axencia de Protección da Legalidade Urbanística o expediente para os efectos que procedan.

**CUARTO.-** Notificar o presente acordo a Dna. María Esther Bravo Paz indicando o réxime de recursos que poden interpoñerse contra o mesmo.

### 14.- SOLICITUDES AXUDAS DE EMERXENCIA SOCIAL

Vista a Ordenanza específica reguladora da concesión das bases da convocatoria para a concesión de e axudas para situacións de emerxencia social no Concello de Boimorto 2017 publicada no BOP nº 194 de data 11/10/2017.

Vistas as solicitudes de axudas de emerxencia social presentadas e o expediente tramitado no departamento de servizos sociais.

Visto o informe coa proposta da traballadora social sobre concesións da axudas solicitadas e



# CONCELLO DE BOIMORTO (A CORUÑA)

Rúa Vilanova, 1 - 15817 BOIMORTO Teléfono: 981 516 020 - Fax: 981 516 045

E-mail: correo@boimorto.es

Web: www.concellodeboimorto.es

contías de data 14/12/2017 que se transcribe literalmente a continuación:

<<M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo, traballadora social dos servizos sociais de atención primaria do Concello de Boimorto, nº de colexiada 1397

INFORMO:

- Que en relación ás solicitudes presentadas para as axudas de emerxencia social do Concello de Boimorto todas cumpren cos requisitos establecidos na convocatoria das axudas.

- Que en función das necesidades presentadas polas unidades familiares as cuantías a percibir por cada familia precisas para cubrir as mesmas serían as seguintes:

A- V.C.V.C con DNI 51273273V: 900 € para sufragar os gastos de compra de roupa e calzado para os fillos.

B- M.C.C.G con DNI 32794389T: 600 € para a compra de roupa e calzado dos dous menores.

C- M.C.S. C con DNI 76503479M: 198 € para a adquisición dunha conxelador.

D- M.L.S.M. con DNI 76507499T: 1.138,11 € para cubrir con tella un pequeno pedazo do tellado da súa vivenda.

E- B.P.F con DNI 78789882R: 1.305 € para a adquisición dun dormitorio completo para o seu fillo xa que lle ardeu o que tiña tras un incendio sufrido no domicilio.

Para que conste donde conveña

Boimorto, 14 de decembro de 2017

Asdo.: M<sup>a</sup> Esther Vidal Pandelo

Traballadora social>>

Advirte a secretaria que sería unha subvención do capítulo VII de gastos e non do capítulo IV o conxelador, a tella e o dormitorio.

